

SERVIZO DE DEPORTES

ANEXO Á CONCESIÓN DE USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

1. O uso da instalación implica a aceptación das normas básicas que se achegan, así como das específicas de cada pavillón.
2. O asinante da solicitude de uso deberá cumprir e velar polo cumprimento das normas de funcionamento interno da mesma.
3. Os módulos de uso serán, con carácter xeral, de 50 minutos.
4. Pola semana, e salvo circunstancias excepcionais e xustificadas, as instalacións pecharán ao público ás 23:00 horas.
5. Os usuarios da derradeira hora do día comprométense a abandonar a instalación nun máximo de 10 minutos unha vez finalizado o seu período de utilización.
6. Cando por calquera circunstancia non se vaia utilizar o horario concedido, deberase comunicar coa suficiente antelación no Departamento de Deportes.
7. Cando as necesidades de programación o requiran, e previo aviso ás entidades ou persoas afectadas, o Concello resérvase o dereito de modificar os usos autorizados.
8. O Concello exímese de toda responsabilidade respecto á perda de obxectos persoais, roubo ou lesións como consecuencia da práctica deportiva.
9. Os usuarios deben atender as indicacións dos empregados das instalacións en todo o referido ao uso da mesma, así como do seu material ou mobiliario.
10. Os responsables da entidade ou colectivo deberán firmar os partes de asistencia que lle presenten os empregados da instalación.
11. Poderán ser causa de sanción ou rescisión do permiso:
 - Incumprir as obrigas contraídas na autorización, as normas de uso das instalacións ou as instrucións dictadas polo persoal das mesmas.
 - Alterar a orde no interior do recinto.
 - Ocasionar desperfectos, deterioros ou danos na instalación.
 - Non usar de xeito reiterado o horario concedido sen notificalo previamente (permitiranse un máximo de 3)
12. A tempada rematará na semana do **22 ao 29 de maio de 2006**, cesando ao longo destes días os permisos de uso. Aínda así, en caso xustificado poderase solicitar unha prórroga.

Normativa básica de utilización

1. Dentro da instalación non se pode: fumar, inxerir bebidas alcohólicas, gardar bicicletas nin meter animais de compañía. Ademáis, na pista non se poderá comer, especialmente pipas, patacas fritas e productos similares.
2. Con carácter xeral, aos vestiarios soamente poderán entra-los xogadores e persoal técnico do equipo.
3. Despois de usar os vestiarios hai que deixalos recolleitos.
4. Co fin de manter a superficie de xogo nas mellores condicións de limpeza ao longo da xornada, non se pode acceder á pista co calzado da rúa.
5. Antes de entrar na pista, débese agardar a que os usuarios que nos precederon rematen a súa actividade e abandonen o espacio de xogo.
6. Está prohibido cuspir na superficie de xogo.
7. Os desperfectos ocasionados na instalación deberán ser aboados pola persoa/equipo responsable.